



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

**INFORME**

Área intervención

Nº ref.: 09/12/2011

(MLD/mmv)

**Asunto: Informe económico financiero en relación á aprobación do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2012**

Dª Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Deputación Provincial de Ourense, en relación co proxecto de orzamento da entidade provincial para o exercicio do ano 2012 e ó amparo do disposto no art.168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004 e 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, ten a ben emitir o seguinte informe:

**Normativa aplicable:**

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adiante).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en adiante).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.

**Informe:**

En base ao previsto no artigo 168.1 e) do citado RDL 2/2004, de 5 de marzo, e no art. 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, deberá unirse ao expediente orzamentario “un informe económico – financiero, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e dos gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.”

O importe do orzamento tanto no estado de gastos como no de ingresos ascende á cantidade total de 71.023.057,00 euros, diminuíndo con respecto ó do último exercicio na cifra de 1.996.943,00 euros.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

**1.- Bases empregadas para a avaliación dos ingresos**

O estado de ingresos para o exercicio 2012, alcanza un importe global de 71.023.057,00 €, que supón unha redución con respecto ao 2011 do 2,81 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2011	ANO 2012	Incremento/ diminución
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	2.600.000,00 €	2.500.000,00 €	-4,00 %
III.- TAXAS,PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	3.745.512,10 €	5.103.698,96 €	36,26 %
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	60.540.398,80 €	56.721.195,50 €	-6,73 %
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	541.262,75 €	547.262,75 €	1,11 %
VI.- ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS	3.000,00 €	3.000,00€	0 %
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	5.289.826,35 €	5.847.899,79 €	10,55 %
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €	0 %
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00 €	0%
<b>TOTAL</b>	<b>73.020.000,00€</b>	<b>71.023.057,00 €</b>	<b>- 2,81 %</b>

**Capítulo 1. Impostos directos**

O único imposto provincial, a recarga no Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E), prevése por un importe lixeiramente inferior ó calculado para o exercicio anterior. Este capítulo alcanza un importe global de 2.500.000 €, que representa unha porcentaxe do 3,52 % sobre o total de ingresos de 71.023.057,00 €

**Capítulo 3. Taxas e outros ingresos**

O presente capítulo engloba as distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a realizar durante o exercicio e o seu importe total é de 5.103.698,96, que representa un 7,19 % con respecto ao importe total dos ingresos.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

O incremento de ingresos no capítulo 3 en mais de un millón de euros respecto ao exercicio anterior, débese fundamentalmente aos seguintes factores:

- Os ingresos procedentes de Augas de Galicia polos traballos de depuración a realizar pola Deputación Provincial de Ourense
- Os ingresos procedentes do control de vertidos industriais que levará a cabo esta entidade nos Concellos de Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas.
- O incremento de concellos que delegan a súa recaudación no servizo provincial, como consecuencia do incremento de concellos que delegan a xestión do lixo.

**Capítulo 4. Transferencias correntes**

Este capítulo engloba os seguintes conceptos: Transferencias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. O importe total consignado neste capítulo representa un 79,86 % con respecto ao importe total de ingresos.

O capítulo 4 de transferencias correntes experimenta unha redución de 3.819.203,30 euros que corresponden básicamente á redución da participación nos tributos do Estado, debido á compensación que se produce como consecuencia da liquidación negativa derivada do exercicio 2009. Estes ingresos seguen sendo un ano mais o principal recurso da facenda provincial, supondo para 2012 o 72,28 por cento do total do estado de ingresos. Se ben, a redución da participación nos tributos do Estado vese lixeiramente compensada polas transferencias provintes de entidades locais, debido á incorporación de novas unidades de xestión de limpeza e á posta en marcha dunha rede provincial de canceiras.

**Capítulo 5. Ingresos patrimoniais.**

Recolle os canons pola concesión da cafetería sita no pazo dos deportes, o aparcamento do hospital Santa María Nai, os produtos das explotacións agrícolas e forestais e os intereses das contas bancarias; a consignación realizada no ano 2012 é de 547.262,75, moi similar á de 2011 e representando con respecto ao importe global do orzamento, un 0,77%.

**Capítulo 6. Alleamento de investimentos reais.**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

Este capítulo non experimenta variacións con respecto ao consignado no orzamento do exercicio 2011.

**Capítulo 7. Transferencias de Capital**

Este capítulo recolle os seguintes conceptos: transferencias do Estado, da Comunidade Autónoma, de Entidades locais, e da Unión Europea.

O importe consignado neste capítulo é de 5.847.899,79 € que representa un 8,23 % con respecto ao total do orzamento de ingresos.

En canto ao incremento que experimenta este capítulo con respecto ao 2011 é dun 10,55 % o cal trae causa, principalmente, nos fondos de desenvolvemento Rexional, que supoñen 1.524.262,38 € máis que no exercicio anterior e nos ingresos das entidades locais; en particular, a súa aportación para o Proxecto Valor Geres Xurés, cofinanciado polos Concellos, o FEDER e a propia Deputación Provincial de Ourense.

Se ben, todo este incremento vese compensado, en gran parte, pola redución dos ingresos procedentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma.

**Capítulo 8. Activos Financeiros**

Constituído polo reintegro dos anticipos realizados ao persoal, que non varía con respecto ao 2011 e acada un importe de 300.000,00 €.

**Capítulo 9. Pasivos financeiros**

Este capítulo non ten consignación orzamentaria.

**2.- Suficiencia dos créditos para atende-lo cumprimento das obrigas esixibles**

O estado de gastos para o exercicio 2012, alcanza un importe global de 71.023.057,00 €, que supón unha diminución con respecto ao 2011 do 2,81 %. O citado estado divídese nos seguintes capítulos:

CAPÍTULO	ANO 2011	ANO 2012	incremento/ diminución
I.- GASTOS DE PERSOAL	29.932.244,92 €	29.125.044,75 €	-2,77 %
II.- GASTOS BENS CORRENTES E			



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

SERVICIOS	15.886.621,59 €	16.428.248,88 €	3,41 %
III.- GASTOS FINANCEIROS	2.107.849,17 €	1.964.804,11 €	-7,28 %
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.098.133,32 €	5.652.413,48 €	- 43,27 %
VI.- INVERSIÓN REAIS	11.505.212,11 €	12.065.485,89 €	4,87 %
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.460.327,08 €	1.084.397,00 €	-34,67 %
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 %
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	3.729.611,81 €	4.402.662,89 €	18,05 %
<b>TOTAL</b>	<b>73.020.000,00€</b>	<b>71.023.057,00 €</b>	<b>- 2,81 %</b>

### Capítulo 1. Gastos de persoal.

Neste capítulo, que ascende á cantidade de 29.125.044,75 euros, fanse as consignacións necesarias de acordo coa Relación de Postos de Traballo (RPT) e á espera da aprobación pola Administración Xeral do Estado da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2012. A redución respecto ao exercicio 2011 en 800.000 € débese principalmente á amortización de plazas vacantes e á redución de persoal laboral temporal.

Representa, con respecto ao total do estado de gastos, un 41 %.

### Capítulo 2. Gastos en Bens correntes e servicios.

Neste capítulo, sobre todo en determinadas partidas, mantense o problema de ter que atender obrigas de anos anteriores, reducíndose as posibilidades de financiar o gasto do propio exercicio, o que afecta ó equilibrio teórico inicial e incide no principio de anualidade.

A porcentaxe que representa este capítulo con respecto ao total de gastos é do 23,13%.

### Capítulo 3 e 9. Gastos financeiros e pasivos financeiros.

Englobanse os gastos de intereses e amortización, respectivamente, das operacións de crédito vixentes. Os gastos consignados recollen as anualidades previstas para o exercicio 2012 dos distintos préstamos así como os intereses correspondentes.

O importe consignado no capítulo 3 para o exercicio 2012 é de 1.964.804,11 € que representa un 2,77 % sobre o total de gastos. A diminución que experimenta este capítulo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

con respecto ao consignado no exercicio 2011 é do 7,28%, debido fundamentalmente á presupostación dos xuros a un tipo de interes inferior para as operacións de endebedamento a longo prazo referenciadas ó EURIBOR dada a baixa realizada polo BCE no tipo de intervención e a prevista para os próximos días.

O importe consignado no capítulo 9 para o exercicio 2012 é de 4.402.662,89 €, que representa un 6,20% do orzamento total de gastos e que supón un incremento con respecto ao ano 2011 do 18,05 % debido a:

- Finalización do período de carencia nos prestamos concertados nos exercicios 2009 e 2010.
- Posible concertación antes do 31 de decembro do ano 2011 dunha nova operación de crédito por importe de 2.343.546,98 €.

A pesar de que en aplicación do Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio, numerosas entidades locais entre as que se encontra a Deputación Provincial de Ourense non podían concertar en 2011 operacións de crédito a longo prazo para a financiación de inversións, a publicación do Real Decreto Lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, estableceu a creación dunha línea financeira que instrumenta o Instituto de Crédito Oficial e que posibilita a concertación polas entidades locais de operacións de crédito para dar cumprimento ás súas obrigas comerciais.

Para o exercicio 2012 non está prevista a formalización de operacións de préstamo a longo prazo.

#### **Capítulo 4 e 7. Transferencias correntes e transferencias de capital**

Destinados a recolle-las transferencias correntes que se adicarán ao financiamento de diferentes áreas: educación, cultura, deportes, servizos sociais, etc., así como tamén o importe de subvención destinada aos grupos políticos.

O importe consignado nestes capítulos representa un 7,96 % e un 1,53 % respectivamente con respecto ao total.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

INTERVENCIÓN

É moi importante salientar a diminución destes capítulos con respecto ao 2011, motivada fundamentalmente pola supresión de varias liñas de subvencións e pola redución do importe consignado nas transferencias a Organismos Autónomos, á UNED, á Universidade de Vigo, ás entidades locais e ás familias e institucións sen fins de lucro.

As subvencións nominativas con cargo a créditos de ditos capítulos figuran expresamente nalgunhas aplicacións orzamentarias. Noutras recóllese o seu carácter nominativo e concrétase o destino nas Bases de execución do orzamento.

**Capítulo 6. investimentos reais**

Neste capítulo figura o investimento de xestión directa pola Deputación, principalmente o de planos e proxectos provinciais e o ligado a Fondos europeos. O seu detallan régúlase no Anexo de investimentos, ó cal me remito.

**Capítulo 8. Activos financeiros.**

Recolle os anticipos concedidos ao persoal a curto prazo, que se mantén no mesmo importe que no exercicio 2011.

O importe consignado para o exercicio 2012 é de 300.000 €.

Debe reseñarse que o estado de gastos do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2012 contén os créditos suficientes para atender ao cumprimento das obrigas esixibles así como dos gastos de funcionamento dos servicios provinciais. Gastos aos que pode facerse frente coas previsións incluídas no estado de ingresos conforme ao disposto no artigo 168.1 e) do TRLRFL

Ourense, 09 de decembro de 2011.

INTERVENTORA,  
Asdo. Mónica Legaspi Díaz